

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA CELEBRA O XIII DÍA DA ADHERENCIA E INFORMACIÓN DOS MEDICAMENTOS

- Co lema deste ano “Actívate: a adherencia depende de todos” a Sociedade Española de Farmacia Hospitalaria pretende concienciar do papel protagonista tanto do paciente como dos profesionais sobre a importancia de seguir as pautas dos tratamentos

**Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022.**- O Servizo de Farmacia Hospitalaria da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza celebra hoxe a 13ª edición do “Día da adherencia e información dos medicamentos” lembrándolle aos pacientes a importancia de seguir as pautas dos seu tratamento e de non esquecer as tomas.

Ao longo da mañá profesionais do servizo realizaron enquisas para avaliar a adherencia dos pacientes aos tratamentos e informaron sobre a importancia de seguir as pautas nunha mesa instalada no Clínico e que visitou a xerente da área sanitaria, Eloína Núñez, a subdirectora de Farmacia, Mar Ferro e Beatriz Bernárdez, profesional do servizo de farmacia hospitalaria compostelá e coordinadora de adherencia da Sociedad Española de Farmacia Hospitalaria (SEFH) , entre outras persoas.

Segundo datos da SEFH o 50% dos pacientes maiores con tratamentos crónicos teñen unha adherencia subóptima á medicación, ou que en canto a saúde mental un 49% dos pacientes non cumpren co seu tratamento, con taxas de non adherencia en esquizofrenia, trastorno depresivo maior e trastorno bipolar 56%, 50% e 44%, respectivamente. Ademais, en canto á taxa de adherencia en nenos e adultos a corticosteroides inhalados, rolda o 40% cando se mide con dispositivos electrónicos e cando se mide a través de cuestionarios autoreferidos é moito maior.

En opinión da doutora Beatriz Bernárdez, “a adherencia terapéutica é estratéxica con todos os medicamentos e en todas as patoloxías. Todos os membros do equipo sanitario son importantes na promoción da adherencia, neste sentido os farmacéuticos de hospital desempeñan un dobre papel, pola súa actividade, teñen un papel cruce na educación, información sobre medicamentos, propostas de simplificación de pautas, organización do plan terapéutico que son á súa vez intervencións na mellora da adherencia. Doutra banda, a través da dispensación, poden medir a adherencia dos seus pacientes e facela alcanzable ao resto do equipo, favorecendo a súa intervención”.

### Saúdos do Gabinete de Comunicación e Imaxe